

EXPTE NÚM: 1068/2023
DECRETO ALCALDÍA

ANTECEDENTES

ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023. (DOG número 22 do 1 de febreiro de 2023).

Resolución da xefa territorial do Servizo de Emprego e Igualdade pola que se concede unha subvención polo importe de 31.418,28 euros á entidade, CONCELLO DE CALDAS DE REIS, equivalentes aos custes salariais dos traballadores contratados maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 2 persoas en risco de exclusión social perceptoras de RISGA durante 9 meses co 75% da xornada laboral normal para a realización da obra ou servizo denominado "LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS DO CASCO URBANO E RURAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS ANO 2023".

Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal, (en relación a resolución de concesión de subvención dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023) para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis.

Informe favorable de secretaría e intervención municipal.

De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar o procedemento selectivo con carácter temporal de 2 Peón limpeza (RISGA 2023) e aprobar o gasto correspondente.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal con carácter temporal 2 Peón Limpeza (RISGA 2023).

TERCEIRO.- Ordenar a publicación das Bases da Convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello e remitir oferta á oficina de emprego.

Caldas de Reis, á data da sinatura dixital.

O Alcalde- Presidente

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, PARA O ANO 2023) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

1.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento que se aplicará na selección de 2 PEÓNS DE LIMPEZA, conforme ao previsto nas Bases reguladoras da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 9/01/2023 publicadas no DOG N° 22, do 1/02/2023.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

NOTA: O proceso selectivo terá efectos sempre e cando a contratación poda realizarse antes do 12/06/2023, prazo concedido logo da ampliación do prazo establecido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Transcorrido ese prazo sen formalizar o contrato, a contratación de 2 PEÓNS DE LIMPEZA decaerá, quedando sen efectos o citado proceso selectivo.

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES/AS CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de 9 meses e a xornada será a tempo parcial do 75% da xornada laboral a tempo completo, de luns a venres.

As retribucións que percibirán o traballador/a que se contrate con cargo a esta subvención equiparase aos funcionarios.

O concello ten Convenio Colectivo propio (publicado no BOP N° 152 do 08/08/2001). As retribucións do persoal do concello son as establecidas na Relación de Postos de Traballo do Concello da Caldas de Reis aprobada en sesión plenaria o 26/09/2019 e publicada no BOP N° 194 do 09/10/2019. Neste caso os Peóns están equiparados aos funcionarios do GRUPO E (Agrupación Profesionais), nivel 14.

CATEGORÍA	SALARIO BASE	P.P EXTRAS	BASE COTIZACIÓN
PEON LIMPEZA	1.106,59	184,43	1.291,02

Os contratos realizaranse baixo a modalidade de *“Contrato para mellora da ocupabilidade e inserción laboral”* (código 505) , regulado Disposición adicional novena Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Empleo (modificación Real Decreto- Lei 32/2021).



As obras e servizos a realizar son os que se menciona na memoria de solicitude da subvención que se presentou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, denominada “LIMPEZA E MANTENIMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS DO CASCO URBANO E RURAL DE CALDAS DE REIS”.

3.- ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

O proceso iniciarase exclusivamente, coa tramitación da oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez recibida a resolución Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA). DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

O número de prazas a ofertar será na categoría de: **2 PEÓNS DE LIMPEZA**

A Oficina Pública de Emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán presentarse para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES

Número traballadores	OCUPACIÓN	REQUISITOS
2	Peón limpeza	Ser perceptores de RISGA

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos serán declarados excluídos do proceso selectivo.

5.-REQUISITOS DA CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As contratacións deberán de cumprir os seguintes requisitos

Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da RISGA e estar inscritas no Servizo Público de emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse no momento da selección como na formalización do contrato.

O Concello solicitará ás persoas demandantes non ocupadas, necesariamente mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de beneficiarios/as da RISGA, na oficina do Servizo Público de Emprego de Caldas de Reis.



Deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis a seguinte documentación con carácter previo á realización da entrevista e valoración de circunstancias persoais:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Acreditación de ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- d) Documentación acreditativa para valoración de circunstancias especiais:
 - Libro de familia/certificado convivencia
 - Fillos maiores en situación de desemprego ou estudando.
 - Contrato aluguer ou préstamos hipotecarios
 - Participar nun itinerario de inserción sociolaboral.

6.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN

COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a, 2 Vogais e 1 Secretario/a.

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo. A composición do tribunal exporase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>., con dous días mínimos de antelación.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

7.-SISTEMAS DE SELECCIÓN

O sistema de selección consistirá na realización dunha entrevista e valoración de circunstancias persoas. A data, hora e lugar da entrevista persoal fixarase por resolución de Alcaldía que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>



Os aspirantes deberán acudir provistos do D.N.I. e serán convocados en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

7.1 ENTREVISTA PERSOAL(MÁXIMO 2 PUNTOS)

Na entrevista persoal valoraranse diferentes aspectos relacionados coas aptitudes e actitudes dos/as candidatos/as, tendo en conta as funcións a desempeñar no posto de traballo, téndose en conta entre outros aspectos, a disposición para o traballo, a dispoñibilidade horaria, responsabilidade mostrada; autonomía individual do candidato/a, e aqueles outros que se recollan na Orde que regula este programa.

7.2 VALORACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (MÁXIMO 3 PUNTOS)

Tamén se terán en conta aspectos persoais dos/as candidatos/as, tal e como se recolle na citada Orde,

- a. Ter cargas familiares:
 - Por fillos a cargo menor de idade ou maior en situación de desemprego ou estudando: 1 punto
 - Por ser unha familia monomarental/monoparental: 0,5 puntos
 - Familias con vivendas en réxime de aluguer ou con préstamos hipotecarios sen acabar de amortizar: 0,5 puntos
- b. Participar nun itinerario de inserción sociolaboral: 1 punto.

As persoas candidatas poderán acadar un máximo de **5 PUNTOS**. Consideraranse seleccionadas as persoas que maior puntuación acaden. No caso de empate terase en conta a antigüidade como desempregados que se acreditará cun certificado da oficina de emprego.

Recibidas ás persoas candidatas, procederase á realización da entrevista e logo de valoradas as circunstancias persoais, obterase unha puntuación final e proporanse os/as candidatos/as para os postos que se convocan.

8.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración das entrevista e das circunstancias, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

9.- PROPOSTA DE SELECCIÓN e BOLSA DE SUPLENTES

O Presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde-Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>



O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados.

En caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma, e que teñan superado o proceso selectivo.

As persoas candidatas que superen o proceso selectivo pero non resulten seleccionadas para a súa contratación pasaran a formar parte dunha listaxe, pola súa orde de puntuación, que será utilizada para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

10.- PERIODO DE PROBA

A persoa contratada terá un período de proba de un mes dende o inicio do contrato, podendo o Concello de Caldas de Reis rescindir o contrato das mesmas en caso de que non superen parte ou o total do período de proba. Para elo, precisarase dun informe técnico do Concello.

11.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que o aspirante acreditou os requisitos esixidos, o Alcalde - Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis e no taboleiro de anuncios do Concello, e subscribirá Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405) co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral, quedando os/as seguintes candidatos/as coma suplentes segundo a puntuación acadada.

A no presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Todos os contratos deben estar formalizados o **12 de xuño do 2023**, agás os casos excepcionais de substitucións por renuncia e polo tempo restante.

12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes

13.- INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación das mesmas.



14.-RECURSOS

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso – administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

15.- TRATAMENTO DE DATOS.

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Caldas de Reis, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Caldas de Reis, en r/Ferrería nº 1, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, se así o estiman.

Tódalas comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na a sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

En Caldas de Reis, maio de 2023

O Alcalde

Juan Manuel Rey Rey

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe,



MODELO INSTANCIA

D./D^a _____ maior de idade, en
posesión do DNI n^o _____ veciño/a do Municipio de _____ con
domicilio a efectos de notificacións na rúa/lugar de _____ n^o
_____ piso _____ porta _____ da parroquia de _____ o
teléfono _____

EXPÓN QUE:

Despois de ser seleccionado/a pola Oficina de Emprego como aspirante a contratación, en réxime laboral temporal de 2 PEÓN DE LIMPEZA, para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis, autorizo a dito concello a comprobar ou verificar os datos aportados na documentación que se achega.

Documentación aportada:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Tarxeta de demandante de emprego
- Documentación acreditativa das circunstancias especiais:
 - Libro de familia/certificado convivencia
 - Fillos maiores en situación de desemprego ou estudando.
 - Familia monomarental/monoparental
 - Contrato aluguer ou préstamos hipotecarios
 - Participar nun itinerario de inserción sociolaboral.

SOLICITA:

Ser admitido/a no dito proceso, por reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

Caldas de Reis, maio de 2023

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona _____
co DNI nº _____ e con domicilio en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Caldas de Reis, _____ maio de 2023

Asdo.: _____

